

Resolución da Dirección Xeral de Administración Local do 11 de febreiro do 2026, pola que se fan públicos os resultados da proba de galego no concurso unitario de provisión de postos reservados a persoal funcionario con habilitación de carácter nacional.

De acordo co disposto na base quinta da Resolución do 13 de outubro de 2025, da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, publicada no Boletín Oficial do Estado nº. 248, do 15 de outubro de 2025, pola que se convoca o concurso unitario de provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración Local con habilitación de carácter nacional para o ano 2024 e 2025 e no apartado 4 do artigo 3 do Decreto 103/2008, do 8 de maio, polo que se regula o coñecemento do galego nos procedementos para a provisión de postos de traballo reservados a este persoal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral, **RESOLVE:**

Elevar a definitiva a proposta formulada pola comisión técnica de valoración da proba de galego do concurso unitario para a provisión de postos de traballo reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional para o ano 2024 e 2025, que foi nomeada por Resolución do 4 de febreiro de 2026, da Dirección Xeral de Administración Local, realizada polas persoas que a continuación se relacionan:

DNI	Valoración
72966447M	Apto/a
09786877D	Apto/a

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, os interesados poderán interpoñer recurso administrativo de reposición, ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015.

A directora xeral de Administración Local
(Documento asinado electronicamente)

Natalia Prieto Viso

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES
Rúa Madrid 2-4, 2ª planta (Fontiñas)
15781 – Santiago de Compostela
T. 981 546 579
administracionlocal@xunta.gal
www.xunta.gal

